EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

Premio García Barros

EDITORIAL GALAXIA

XUNTA DE GALICIA

# BASES

## XXXIX Edición do Premio de Novela

García Barros



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

Premio García Barros

EDITORIAL GALAXIA

XUNTA DE GALICIA

# XXXIX Edición do Premio de Novela

García Barros

O Excmo. Concello da Estrada, sensible co proceso cultural de Galicia, entende que un dos bens máis prezados desta Comunidade é o da creación literaria, aspecto de salientable significación no marco da Lingua e da Cultura, que redunda nun amplo desenvolvemento da propia identidade. Neste marco de referencia enténdese que calquera estímulo positivo facilita e posibilita unha mellora no eido da Literatura e é polo que así entendido, no proceso de normalización cultural, crea: O PREMIO DE NOVELA "MANUEL GARCÍA BARROS" (KEN KEIRADES). Ademais, deste xeito, quere testemuñar a admiración e respecto e manter a presenza do ilustre académico e galeguista DON MANUEL GARCÍA BARROS, mestre e fillo deste Concello, contribuíndo así ao espallamento da súa persoa e máis a importante achega que a súa obra fixo ás Letras Galegas.

O Excmo. Concello da Estrada en colaboración coa Xunta de Galicia por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Editorial Galaxia convoca o XXXIX PREMIO DE NOVELA "MANUEL GARCÍA BARROS" (KEN KEIRADES), cunha dotación económica de 9.000 euros, que se rexerá polas seguintes:



# BASES XXXIX PREMIO DE NOVELA **“MANUEL GARCÍA BARROS”**

PRIMEIRA

Poderán concorrer ao premio autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos, acordes coa normativa oficial vixente en lingua galega, agás os gañadores das últimas 5 edicións. Os textos presentados deberán ser inéditos e totalmente orixinais.

SEGUNDA

Os orixinais serán presentados por quintuplicado en papel tamaño folio ou en holandesa, mecanografados a dobre espazo e encadernados en espiral, acompañadas dun CD ou pendrive no que se incluirá a obra en formato PDF, antes do 31 de xaneiro de 2027 na Casa do Concello, Praza da Constitución, 1 - 36680 A Estrada (Pontevedra)

TERCEIRA

Con cada orixinal que deberá ser presentado baixo lema, xuntarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor ou autora, así como o título da novela.

Presentarase na plica unha declaración xurada conforme están ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social, e non están incursos en prohibición de percepción de obrigas públicas, e en xeral de cumprir os requisitos do artigo 13 da LGS 38/2003, así como fotocopia do DNI, NIE, pasaporte ou documento equivalente.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificarase mediante unha declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos e que ademais non se empregou ningunha clase de IA xenerativa na súa realización.

CUARTA

O premio terá unha dotación económica de 9.000 euros que se outorgará indivisiblemente nun único premio e suxeito ás retencións que, no seu caso, procedan.

O premio poderá xestionarse por tramitación anticipada de gastos, co obxecto de iniciar a tramitación no exercicio 2026, e adxudicar (disposición de gastos) e recoñecer o importe da obriga con cargo aos orzamentos de 2027, en concreto, na aplicación orzamentaria 2027/01/330/48100 con data límite o 31/12/2027.

As persoas premiadas deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello da Estrada.

QUINTA
O xurado estará composto por cinco membros escolleitos entre recoñecidos persoeiros do mundo da cultura actuando un deles como secretario/a a proposta e en representación da Corporación do Excmo. Concello da Estrada. O premio concederase por maioría de votos.

A resolución será notificada ao interesado antes de 01/12/2027.

Na valoración das obras presentadas o xurado terá en conta os seguintes criterios:
1.° Calidade literaria da obra presentada, en especial, trama, ritmo narrativo e creación de personaxes.
2.° Orixinalidade e valor cultural da proposta, en especial, valoraranse as achegas que supoñan unha innovación dentro do panorama da actual narrativa galega.
3.° Calidade e coidado da lingua empregada, que supoña un elemento enriquecedor da obra e se adapte a súa trama e estilo.

SEXTA
As presentes bases publicaranse na web municipal www.aestrada.gal, na app do Concello e nas súas redes sociais.

O extracto da convocatoria desta subvención publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Posteriormente, a BDNS dará traslado do extracto desta ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para a súa publicación.

SÉTIMA
A composición do xurado darase a coñecer no día, lugar e hora que se comunicará oportunamente.

OITAVA
Unha vez emitida a resolución do xurado, procederase á apertura da plica gañadora no curso dun acto público na data e lugar que se anunciarán oportunamente.

NOVENA
O premio poderá ser declarado deserto.

Ademais, se o considerase oportuno o xurado poderá destacar unha obra como finalista, abrindo a plica correspondente e, se a persoa autora o permite, darase a coñecer o seu nome e título, obra que será publicada por Editorial Galaxia, asinando co seu autor/a un contrato de edición estándar rendendo o 10 por cento de dereitos de autor.

DÉCIMA
O acto de entrega do devandito XXXIX PREMIO DE NOVELA "MANUEL GARCÍA BARROS" (KEN KEIRADES), será no día, lugar e hora que se comunicarán oportunamente.

UNDÉCIMA
O Excmo. Concello da Estrada resérvase, durante o prazo dun ano, os dereitos de publicar a obra premiada, en todas as linguas do Estado, en formato físico e dixital. Neste sentido, o autor ou autora renuncia a favor do Concello da Estrada, na primeira edición en papel, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor. A obra premiada será publicada pola Editorial Galaxia.

DUODÉCIMA
O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo no Departamento de Cultura, nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei Xeral de Subvencións.

Os textos non premiados poderán ser retirados no Departamento de Cultura do Concello da Estrada, previa presentación de solicitude, por correo-e ou teléfono. O impreso de retirada será asinado polo autor ou autora no momento da súa recollida, nun prazo de quince (15) días contados a partir do seguinte ao da comunicación do xurado. Aqueles que non sexan retirados no prazo indicado serán destruídos, sen que proceda ningunha reclamación ao respecto.

DÉCIMO TERCEIRA
A presente subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado.

DÉCIMO CUARTA
A presentación ao premio implica por parte dos ou das concursantes a aceptación total destas bases, así como das Bases de Execución do Orzamento.